

## **XORNADAS DE PORTAS ABERTAS NA UDC (xoves e venres)**

A Universidade da Coruña realiza unhas [xornadas virtuais de portas abertas](#) os días 23 e 24 deste mes de abril.

Para todo aquel alumnado de 2º de bacharelato que lle interese algunha carreira que se imparta na UDC esta actividade pode ser de moito interese. Nestas xornadas de portas abertas amosaranche toda a Universidade da Coruña, os diferentes graos que imparten (\*), centros de investigación, actividade cultural que realizan, actividade deportiva, voluntariado...

Así explican eles que podes aprender nesta actividade: “Como somos, que facemos e que podemos ofrecerche para que se vexan cumpridas as túas expectativas vitais e profesionais na a túa traxectoria universitaria. Outros anos puidemos abrir literalmente as nosas portas e manter un contacto estreito e persoal contigo. Nesta ocasión, a COVID-19 obríganos a facelo de forma virtual mais iso non será impedimento para ensinarche a UDC con todo o noso agarimo. Achégate!”

Atoparás aquí toda a información dos diferentes graos divididos nas cinco ramas de coñecemento, tanto información xeral de cada grao como do acceso e admisión:

[Artes e Humanidades](#)

[Ciencias](#)

[Ciencias da Saúde](#)

[Ciencias Sociais e Xurídicas](#)

[Enxeñaría e Arquitectura](#)

Esta é a ligazón: [https://www.udc.es/futuros\\_estudiantes/portas\\_abertas/](https://www.udc.es/futuros_estudiantes/portas_abertas/)

**E na aplicación móbil UDC.gal para [Android](#) e para [IOS](#)**

Disporedes de:

- Videoconferencia en directo de cada titulación
- Vídeos de Centros Universitarios
- Vídeos con testemuño de alumnado matriculado e alumnado titulado

**(\*) Oferta de graos na UDC por rama de coñecemento**

**Curso 2020-2021**

## **Artes e Humanidades**

### **Campus da Coruña**

Español: Estudos Lingüísticos e Literarios

Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios

Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios

Simultaneidade: Español: Estudos Lingüísticos e Literarios – Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios

Simultaneidade: Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios – Español: Estudos Lingüísticos e Literarios

Simultaneidade: Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios – Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios

### **Campus de Ferrol**

Xestión Dixital da Información e Documentación

## **Ciencias**

### **Campus da Coruña**

Bioloxía

Química

Simultaneidade: Bioloxía - Química

Nanociencia e Nanotecnoloxía (Proposta para o curso 20/21)

## **Ciencias da Saúde**

### **Campus da Coruña**

Enfermaría

Fisioterapia

Logopedia

Terapia Ocupacional

### **Campus de Ferrol**

Enfermaría

Podoloxía

## **Ciencias Sociais e Xurídicas**

### **Campus da Coruña**

Administración e Dirección de Empresas

Ciencias da Actividade Física e do Deporte

Ciencias Empresariais

Comunicación Audiovisual

Creación Dixital, Animación e Videoxogos

Dereito

Economía

Educación Infantil

Educación Primaria

Educación Social

Grado Aberto (Proposta para o curso 20/21)  
Relacións Laborais e Recursos Humanos (adscrito - condicións económicas especiais)  
Socioloxía  
Turismo  
Simultaneidade: Administración e Dirección de Empresas - Dereito  
Simultaneidade: Turismo - Ciencias Empresariais

### **Campus de Ferrol**

Relacións Laborais e Recursos Humanos  
Xestión Industrial da Moda

## **Enxeñaría e Arquitectura**

### **Campus da Coruña**

Arquitectura Técnica  
Ciencia e Enxeñaría de Datos  
Enxeñaría en Obras Públicas  
Enxeñaría Informática  
Estudos de Arquitectura  
Náutica e Transporte Marítimo  
Paisaxe  
Tecnoloxía da Enxeñaría Civil  
Tecnoloxías Mariñas

### **Campus de Ferrol**

Enxeñaría Eléctrica  
Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática  
Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto  
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais  
Enxeñaría Mecánica  
Enxeñaría Naval e Oceánica  
Grado Aberto (Proposta para o curso 20/21)  
Simultaneidade: Enxeñaría Mecánica – Enxeñaría Naval e Oceánica